

# Bolsas de xerencia en cooperativas

Convocatoria 2017

## Convoca

Unión de Cooperativas Galegas Espazocoop, dentro do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020.

Obxectivo Temático 8:

Conseguir formación e emprego de calidade.



## Obxecto

Espazocoop é unha entidade multisectorial, integrada por cooperativas de distintas clases, que ten, como un dos seus obxectivos, a mellora da xestión e do funcionamento a nivel organizativo das cooperativas.

Coñecida a situación existente (dun baixo nivel de xerencias profesionais nas cooperativas), dálle continuidade a **prestar apoio o labor xerencial**, convocando o Programa de Bolsas de xerencia en Cooperativas.

O obxecto desta convocatoria é **seleccionar cooperativas** beneficiarias do programa, e **incorporar** nelas a **persoas coa titulación axeitada** para facer **prácticas de apoio e mellora xerencial na cooperativa**, durante **6 meses** a tempo parcial. As persoas bolseiras contan cunha axuda mensual por desenvolver o seu labor.

A finalidade do programa é mellorar as condicións nas que as cooperativas confrontan a función xerencial. O programa é de **carácter gratuíto** para a cooperativa.

## Características das bolsas

### Desenvolvemento dun Plan de mellora xerencial

As persoas bolseiras seguen un Plan de Traballo, un programa formativo, teórico e práctico, de xerencia en cooperativas, trátase de desenvolver un plan para a mellora xerencial na cooperativa. As bolseiras serán tituladas que contarán cunha persoa titora que se encarga de realizar seguimento e acompañamento dos traballos prácticos que fai na cooperativa, como poden ser : acadar información relevante dos distintos ámbitos da cooperativa, analizar as diferentes áreas, ordenar a información acadada, realizar propostas, planificar, aplicar as accións de mellora que decida a cooperativa, realizar o seguimento das medidas tomadas na cooperativa, etc.

Para cada cooperativa beneficiaria dunha bolsa, os traballos que se realicen, terán un certo grao de adaptación ás necesidades e demandas que a cooperativa manifeste ou que se detecte máis necesaria na área xerencial.

## Selección das persoas bolseiras

Do proceso de selección das persoas bolseiras encárgase Espazocoop.

As bolseiras serán asignadas a cada cooperativa despois de realizar os pasos seguintes :

- 1.- Información ás cooperativas, sobre as persoas que candidatan.
- 2.- Selección final (en coordinación coa cooperativa).

Ao mesmo tempo, unha vez finalizada a bolsa, e coa idea de darlle continuidade ao impulso do labor xerencial, a cooperativa estaría en disposición de valorar a incorporación da persoa bolseira ao cadro de persoal da cooperativa.

## Quen pode solicitalas?

Con preferencia poden solicitalas as **cooperativas asociadas** a Espazocoop e, no caso de que non se cubran as prazas, outras cooperativas solicitantes do programa **que teñan interese en mellorar o labor xerencial** e que non teñan persoal concreto e/ou profesionalizado para a xerencia .

## Selección de cooperativas

O proceso de selección consistirá en recoller información das cooperativas demandantes:

- 1.- Mediante un formulario.
- 2.- A unión de cooperativas Espazocoop, asemade, podería recadar máis información a través dunha visita ou entrevista coa cooperativa.

A valoración e selección das cooperativas beneficiarias dunha bolsa será realizada por unha Comisión na que participará persoal do programa de bolsas, e representantes de Espazocoop.

## Compromisos das cooperativas seleccionadas

As cooperativas que sexan beneficiarias de bolsa, por un lado, terán dereito a dispor dunha persoa bolseira na área xerencial da cooperativa, con acompañamento dunha persoa titora de Espazocoop, e por outro lado, adquirirán certas obrigas ou compromisos (de participación no programa, de atención e colaboración coa persoa bolseira, etc.)

**Na cooperativa deben existir unhas condicións mínimas de atención e dedicación á bolsa e á persoa bolseira**, tanto para que poida desenvolver os traballos encomendados, como para que a cooperativa tire proveito e contribúa á boa marcha da bolsa .

## Onde se desenvolve a bolsa?

Como as persoas bolseiras **seguirán un programa formativo teórico – practico** dinamizado por unha persoa titora, o lugar de celebración dos traballos de apoio xerencial serán :

- Nas instalacións da propia cooperativa.
- Nos lugares e instalacións que se estimen necesarios para impartir as actividades formativas e de titoría (locais da unión de cooperativas Espazocoop).

Por elo **é importante que a cooperativa dispoña das condicións de espazo e de equipamento idóneos**, para que a bolseira poida traballar sen carencias durante a estada en prácticas.

## Titorías nas propias cooperativas

O Programa de Bolsas tamén prevé sesións de titorización dos traballos xerenciais na propia cooperativa. Nestas titorías participará algunha persoa socia da cooperativa, a persoa bolsreira, e a persoa titora de Espazocoop.

## Datas de posta en marcha

O **proceso de selección**, tanto de cooperativas como de persoas bolsreiras, terá lugar entre **abril e xuño de 2017**.

O **inicio da estada en prácticas** da persoa bolsreira nunha cooperativa, estímase para a **segunda quincena de xuño de 2017**.

### Solicitudes : Que presentar?

As cooperativas achegarán a **solicitud** e un **formulario en liña** cumprimentado para formalizar a súa demanda.

1.- A **solicitud** pode achegarse en formato dixital (orixinal escaneado) ou en formato papel (orixinal). Deberá estar asinada pola persoa representante da cooperativa, e levar o selo.

**Remitir** a solicitude por correo electrónico á unión de cooperativas Espazocoop, a: [roberto@espazo.coop](mailto:roberto@espazo.coop)

2.- O **formulario** de demanda de bolsa cumprimentarse en liña e o recibiremos automaticamente en Espazocoop.

### Información e consultas

No teléfono **986 866 149**, ou no correo electrónico [roberto@espazo.coop](mailto:roberto@espazo.coop)

### Prazo de presentación

As solicitudes poderán presentarse ata o **28 de abril de 2017**.

## Aceptación das bases

A presentación da solicitude implica a conformidade e aceptación das bases da convocatoria por parte das cooperativas solicitantes.